

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

13409 *Real decreto lei 11/2019, do 20 de setembro, polo que se adoptan medidas urxentes para paliar os danos causados por temporais e outras situacións catastróficas.*

A última hora do pasado día 9 de setembro unha depresión illada en niveis altos (DINA) alcanzou a península e foise desprazando cara ao sueste peninsular. Este fenómeno meteorolóxico, caracterizado por desencadear chuvias moi fortes ao seu paso, encontrou o seu punto máis álxido durante os días 12, 13 e 14 e afectou moi gravemente extensas zonas da Comunidade Valenciana, a Rexión de Murcia, Castilla-La Mancha e Andalucía, e nos días posteriores zonas do sur da Comunidade de Madrid.

A excepcional virulencia das chuvias deste episodio, que superou as cifras dos últimos 140 anos, chegando a acumularse nalgunhas zonas a histórica cifra de 486 l/m², as graves inundacións en zonas poboadas derivadas dos desbordamentos, así como a persistencia do fenómeno, provocaron unha situación excepcional de danos de todo tipo e na cal, lamentablemente, perderon a vida sete persoas. Os servizos de emerxencias tiveron que realizar multitude de rescates e produciuse a evacuación de miles de cidadáns que foron albergados en instalacións municipais e atendidos por servizos sanitarios, sociais e da Cruz Vermella Española. A DINA produciu unha grave alteración da vida da poboación nas zonas afectadas e deixou ao seu paso danos materiais de gran magnitude. Producíronse cortes de estradas e na subministración de auga e de electricidade, algúns municipios quedaron illados pola auga, tivo que suspenderse a actividade en numerosos centros docentes, tanto o servizo ferroviario como varios aeroportos tiveron que alterar ou suspender a súa actividade e a prestación doutros servizos públicos viuse seriamente comprometida ou paralizada. Os danos materiais producidos en bens, tanto de titularidade privada como pública, en servizos e instalacións públicas, no sector da agricultura e da gandaría, na industria e no sector do comercio e servizos son moi cuantiosos.

A irrenunciable responsabilidade dos Estados á hora de garantir a seguridade dos seus cidadáns aparece nos nosos días acompañada da necesidade de transitar cara a unha nova concepción que vaia máis alá da seguridade pública entendida en termos clásicos: un enfoque vinculado á denominada «seguridade humana», que considere as persoas como referentes centrais da súa acción e que supoña tamén unha ampliación respecto das ameazas e riscos que as afectan.

Para avanzar cara a unha acción pública baseada nesa seguridade humana, cómpre pór o foco, entre outras cuestións, nas políticas e servizos de protección civil, e na importancia de considerar a diversidade da sociedade sobre a que proxecta a súa actuación. Por este motivo, afrontar os novos escenarios e afondar na xeración dunha verdadeira resiliencia social exige dun enfoque estratéxico que incorpore de xeito integral os diferentes factores potenciadores do risco.

Baixo esta premisa, o Goberno da Nación decidiu dar unha resposta inmediata á situación de emerxencia creada mediante este real decreto lei, que prevé un amplo conxunto de medidas para cuxo cumprimento se habilitarán todos os créditos necesarios.

Esta medida excepcional adóptase desde a convicción deste goberno da necesidade dunha resposta rápida e eficaz do sector público ante acontecementos desta natureza e incardínase dentro dunha liña política de acción impulsada desde o primeiro momento en que os novos equipos asumiron as súas responsabilidades. Así, o pasado mes de abril aprobouse a primeira Estratexia nacional de protección civil. Este marco estratéxico de alcance estatal formulouse tendo en conta unha serie de factores que condicionan transversalmente todos os riscos e cuxa importancia crecente debe ter o seu correspondente reflexo nunha xestión multidimensional destes. Entre eles encóntranse

cuestións tales como a consideración do cambio climático como factor potenciador de todos os riscos, o impacto da situación e evolución demográfica, os retos que formula a ordenación do territorio e a situación e os usos do solo, e a necesidade de pór atención a aquelas situacións de especial vulnerabilidade por razóns de índole social ou persoal ante as emerxencias e catástrofes. Mediante este instrumento defínense unhas liñas de acción que implican a incorporación de accións estratéxicas para a anticipación, prevención, planeamento, resposta e recuperación ante emerxencias, que permitan dar resposta aos novos desafíos.

É mester tamén reforzar as capacidades do Estado que sufriron unha diminución de recursos tanto económicos como humanos moi significativos nos últimos anos.

A pesar de que España é un país cun nivel global de risco moderado no seu conxunto, os incendios forestais, as inundacións e aqueles episodios derivados da ocorrencia de fenómenos meteorolóxicos adversos, como os sufridos recentemente, poden ocasionar danos moi importantes, afectar gravemente a seguridade das persoas e contribuír, ademais, á deterioración do ambiente.

Tal foi o caso dunha serie de emerxencias que tiveron lugar ao longo do pasado ano 2018 e a comezos de 2019, con episodios de inundacións provocadas por chuvias, sarabia e neve, así como graves incendios forestais, temporais e fortes mareas que afectaron varias provincias e comunidades autónomas. Os episodios máis graves, pola perda de vidas humanas, aconteceron na Comunidade Autónoma das Illes Balears e na provincia de Málaga, como consecuencia das chuvias torrenciais. Ante estes sucesos, e entre outras actuacións, o Goberno aprobou un paquete de axudas para paliar os danos sufridos, con medidas contidas no Real decreto lei 2/2019, do 25 de xaneiro, para as cales se puxeron á disposición da recuperación un total de 130 millóns de euros.

Así mesmo, desde o 1 de abril de 2019 véñense sucedendo diversos e continuados sinistros que ocasionaron situacións de emerxencia ou de natureza catastrófica que alteraron substancialmente as condicións de vida da poboación e produciron graves danos persoais e materiais, tanto en bens privados coma en bens, instalacións e servizos públicos, así como en explotacións agrarias e en infraestruturas municipais. Os máis relevantes, desde o punto de vista dos seus efectos sobre persoas e bens, foron o incendio forestal en Torre del Español, Tarragona, en xuño, e o acaecido nas localidades de Almorox, Cenicientos e Cadalso de los Vidrios, nas provincias de Madrid e Toledo.

En xullo producíronse unhas graves inundacións na Comunidade Foral Navarra e na Comunidade Autónoma de Galicia.

Un dos episodios que provocou un impacto máis xeneralizado, desde o punto de vista da súa extensión territorial, foi o que tivo lugar os días 25, 26 e 27 de agosto, cando unha DINA, que percorreu de oeste a leste a península e as Balears, produciu como consecuencia que varias comunidades autónomas resultasen afectadas.

Por outra parte, os graves incendios forestais declarados entre o día 10 e o 17 do mes de agosto de 2019 na illa de Gran Canaria supuxeron un dos maiores sinistros forestais dos últimos anos no noso país, tanto pola gran superficie total queimada como pola importante afectación sobre espazos naturais protexidos.

Finalmente, unha nova DINA, con consecuencias de maior virulencia que a que tivo lugar a finais de agosto, alcanzou a península o día 9 de setembro, cos efectos a que se fixo referencia.

O noso Sistema nacional de protección civil ordena as accións e políticas públicas arredor dos diferentes procesos do ciclo das emerxencias, que implica o exercicio de competencias desde os tres niveis administrativos e que obriga a todas as administracións públicas a actuar baixo os principios de solidariedade, complementariedade e subsidiariedade. Esta descentralización competencial é compatible coa articulación dun sistema nacional capaz de actuar de xeito coordinado e eficaz fronte a situacións de emerxencia como as vividas nos últimos meses e, en particular, nesta última DINA.

Neste contexto, corresponde ao Goberno da Nación dirixir as accións complementarias que leva a cabo a Administración xeral do Estado, tanto na fase de resposta coma na fase

de recuperación, respecto das emerxencias de protección civil obxecto do presente real decreto lei.

Así, na fase de resposta inmediata, o Goberno despregou unha serie de recursos humanos e materiais que, nalgunha das emerxencias, non ten precedentes, co fin de atender de forma inmediata as emerxencias. Entre eles, efectivos de forzas e corpos de seguridade do Estado, da Unidade Militar de Emerxencias e das Forzas Armadas, dos medios de extinción de incendios do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, e persoal técnico dos diferentes departamentos ministeriais implicados na xestión das emerxencias. Tamén a posta a disposición por parte do Ministerio do Interior de imaxes de satélites solicitadas do programa europeo *Copernicus* e a activación do convenio que o mesmo departamento ten subscrito coa Cruz Vermella Española.

En definitiva, os graves danos persoais e materiais derivados das distintas situacións catastróficas anteriormente citadas, en particular a última no tempo; a magnitude das emerxencias, as medidas necesarias para mitigar a grave perturbación das condicións de vida da poboación, o pleno restablecemento dos servizos públicos esenciais e, en definitiva, a recuperación da normalidade nas zonas afectadas xustifican a intervención da Administración xeral do Estado, desde o principio de solidariedade interterritorial e de xeito subsidiario, complementando as actuacións que, en exercicio das súas competencias, teñen encomendadas as administracións territoriais.

A Lei 17/2015, do 9 de xullo, do Sistema nacional de protección civil, prevé que, cando se produza unha emerxencia cuxa magnitude requira para a súa recuperación a intervención da Administración xeral do Estado, se aplicarán as medidas recollidas no seu capítulo V, logo da súa declaración de acordo co procedemento previsto no artigo 23. Pola súa vez, o artigo 24 do citado texto legal recolle a relación de medidas que se poderán adoptar cando se produza a mencionada declaración, nos termos que aprobe o Consello de Ministros. Por último, a disposición derradeira segunda da mesma lei prevé a habilitación específica á persoa titular do Ministerio de Traballo, Migracións e Seguridade Social para desenvolver as medidas de natureza laboral e de seguridade social.

En concreto, inclúense medidas para paliar danos persoais e materiais en vivendas e enxoval, establecementos industriais, mercantís, agrarios, marítimo-pesqueiros e turísticos, así como por prestacións persoais; prevense beneficios fiscais, medidas laborais e no ámbito da Seguridade Social, axudas a corporacións locais, á produción agrícola e gandeira ou para a restauración forestal e ambiental. Prevense tamén actuacións especiais no dominio público hidráulico e marítimo-terrestre, así como noutras infraestruturas de titularidade pública. Por último, débese destacar que as medidas que se prevén en materia laboral e de seguridade social se completan con medidas específicas para a protección das persoas traballadoras por conta propia e para asimilala á das persoas traballadoras por conta allea.

Todas estas medidas poderán resultar de aplicación aos episodios anteriormente descritos e considerados no artigo 1. E prevese a posibilidade de estendelas a outros sucesos de características similares.

Igual que nas ocasións en que cumpríu actuar con carácter urxente ante situacións de alteración grave das condicións de vida da poboación nunha área xeográfica determinada, co fin de adoptar aquelas medidas que requiren unha norma con rango de lei, apróbase este real decreto lei, que, segundo reiterada xurisprudencia constitucional, é un instrumento legislativo de urxencia ao cal resulta lícito recorrer cando se trata de auxiliar en situacións concretas dos obxectivos gobernamentais que requiren unha acción normativa inmediata, nun prazo máis breve que o que permite o procedemento legislativo ordinario, ou mesmo o de urxencia, para a tramitación parlamentaria das leis, e corresponde ao Goberno o xuízo político sobre a concorrencia do presuposto habilitante da extraordinaria e urxente necesidade exixido polo artigo 86.1 da Constitución española. Ademais, véñse exixindo de forma reiterada unha conexión de sentido ou relación de adecuación entre o presuposto habilitante e as medidas adoptadas mediante o real decreto lei. Este real decreto lei ten por obxecto contribuír ao restablecemento da normalidade das zonas afectadas e a adopción, coa necesaria celeridade que demandan as circunstancias, das medidas

previstas polo artigo 24.2 da Lei 17/2015, do 9 de xullo, como son determinados beneficios fiscais e medidas laborais e en materia de seguridade social, algunhas das cales exixen a aprobación dunha norma de rango legal. E para paliar en parte os efectos ocasionados por estes fenómenos atmosféricos en vivendas, establecementos e explotacións de distinta natureza, en infraestruturas e equipamentos, no dominio público hidráulico ou no dominio público marítimo-terrestre.

Na elaboración deste real decreto lei observáronse os principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia, exixidos polo artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Na súa virtude, en uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución, por proposta do ministro do Interior, da ministra de Facenda, do ministro de Fomento, das ministras de Traballo, Migracións e Seguridade Social; e de Industria, Comercio e Turismo, do ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, do ministro de Política Territorial e Función Pública, por suplencia do ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación en virtude do Real decreto 351/2019, do 20 de maio, e das ministras para a Transición Ecolóxica e de Economía e Empresa, logo da deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 20 de setembro de 2019,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto.*

1. Este real decreto lei ten por obxecto declarar zona afectada gravemente por unha emerxencia de protección civil as provincias e comunidades autónomas que a continuación se relacionan, así como adoptar as medidas urxentes para paliar os danos causados polos incendios, temporais e outras catástrofes naturais que se indican: as provincias de Tarragona, Lleida e Toledo, así como a Comunidade de Madrid, como consecuencia dos incendios forestais acaecidos entre os días 26 e 28 do mes de xuño de 2019; a Comunidade Foral de Navarra, polas inundacións padecidas o día 8 de xullo de 2019; a provincia de Ourense, pola tormenta de sarabia e inundacións acaecidas o día 8 de xullo de 2019; a Comunidade de Madrid, as provincias de Zaragoza e Cáceres, a Comunidade Autónoma de La Rioja, as provincias de Segovia, Valladolid, Ávila, Toledo, Ciudad Real, Alacant, Castelló, Valencia, Lleida, Sevilla e Málaga, a Comunidade Autónoma da Rexión de Murcia e a Comunidade Autónoma de Illes Balears, como consecuencia dos episodios de fortes chuvias acontecidos os días 25, 26 e 27 do mes de agosto de 2019, cando unha depresión illada en niveis altos (DINA) percorreu de oeste a leste a península e as Balears; a illa de Gran Canaria, polos graves incendios forestais declarados entre os días 10 e 17 do mes de agosto de 2019; as provincias de Albacete, Alacant, Valencia, Almería, Málaga e Granada, a Comunidade Autónoma da Rexión de Murcia, a Comunidade Autónoma de Illes Balears e a Comunidade de Madrid, polos graves sucesos causados por unha DINA dos días 12 ao 16 do mes de setembro de 2019.

As medidas recollidas neste real decreto lei resultarán de aplicación respecto dos danos ocasionados polos episodios descritos no parágrafo anterior.

2. As medidas contidas neste real decreto lei serán tamén de aplicación a outros danos causados polos temporais de chuvias torrenciais, neve, sarabia e vento, inundacións, desbordamentos de ríos e torrentes, pedrazo, fenómenos costeiros e tornados, así como incendios forestais ou outros feitos catastróficos acaecidos desde o día 1 de abril de 2019 ata a súa entrada en vigor.

A concreción dos sucesos, o seu ámbito territorial e as medidas concretas ás cales resultará de aplicación o previsto neste punto determinaranse por real decreto do Consello de Ministros, por proposta da persoa titular do ministerio competente para a execución da correspondente medida.

3. O Goberno poderá acordar, con delimitación das zonas afectadas, a aplicación das medidas necesarias previstas neste real decreto lei a outros sucesos de características similares que poidan acaecer ata o 31 de marzo de 2020, mediante real decreto, por

proposta da persoa titular do ministerio competente para a execución da correspondente medida.

Artigo 2. Axudas destinadas a paliar danos persoais, danos materiais en vivenda e enxoval e en establecementos industriais, mercantís, agrarios, marítimo-pesqueiros, turísticos e doutros servizos, e por prestacións persoais ou de bens de persoas físicas ou xurídicas.

1. Nos supostos de falecemento e de incapacidade causados directamente polos feitos que motivan a declaración efectuada no artigo anterior concederanse as axudas previstas no Real decreto 307/2005, do 18 de marzo, polo que se regulan as subvencións en atención a determinadas necesidades derivadas de situacións de emerxencia ou de natureza catastrófica e se establece o procedemento para a súa concesión.

2. A destrución ou danos en enxoval e os danos en vivenda serán obxecto de axudas segundo o establecido no Real decreto 307/2005, do 18 de marzo.

Para a acreditación da titularidade sobre os inmobles afectados polos sinistros admitirase como medio de proba calquera documento que demostre esa titularidade, como os recibos de pagamento do imposto sobre bens inmobles ou outros de análoga natureza.

3. No caso de danos a establecementos industriais, mercantís, agrarios, marítimo-pesqueiros, turísticos e doutros servizos, cando o interesado fose indemnizado polo Consorcio de Compensación de Seguros con aplicación da franquía prevista no artigo 9 do Regulamento do seguro de riscos extraordinarios, aprobado polo Real decreto 300/2004, do 20 de febreiro, poderase conceder unha subvención de ata o 7 % da contía dos danos indemnizables producidos polo sinistro, ata o importe máximo de 9.224 euros fixado no artigo 28 do Real decreto 307/2005, do 18 de marzo, sen que, en ningún caso, a suma desta subvención e a indemnización que corresponda aboar en concepto de seguro, ou calquera outra subvención ou axuda pública ou privada, poida superar o valor do dano ou prexuízo producido. Nestes casos, o interesado deberá presentar unha certificación expedida pola súa entidade aseguradora acreditativa de que esta non aboou en todo ou en parte o importe correspondente á franquía legal aplicada polo Consorcio de Compensación de Seguros.

4. As solicitudes para a concesión destas axudas tramitaranas as delegacións ou as subdelegacións do Goberno nas comunidades autónomas e provincias afectadas, presentaranse no prazo de dous meses, contados a partir da entrada en vigor deste real decreto lei e serán resoltas polo ministro do Interior.

5. O disposto no punto anterior será tamén de aplicación ás solicitudes de axudas por danos persoais e ás de persoas físicas ou xurídicas que efectuasen prestacións persoais ou de bens reguladas no Real decreto 307/2005, do 18 de marzo.

6. As axudas que se concedan en aplicación do previsto neste artigo financiaranse con cargo aos créditos dos conceptos 471, 472, 482, 771 e 782 da aplicación orzamentaria 16.01.134M «Para atencións de toda clase motivadas por sinistros, catástrofes ou outros de recoñecida urxencia», dotados con carácter de ampliables no vixente orzamento do Ministerio do Interior.

Artigo 3. Axudas por danos causados en producións agrícolas e gandeiras.

1. As axudas previstas neste artigo irán destinadas aos titulares das explotacións agrícolas e gandeiras que, estando situadas no ámbito de aplicación sinalado no artigo 1, sufrisen perdas superiores ao 30 % da súa produción, conforme os criterios da Unión Europea a este respecto, e estean nalgunha das seguintes situacións:

a) Os danos rexistrados nas explotacións agrícolas e gandeiras para as cales nas datas do sinistro o período de subscripción do correspondente seguro non iniciase, ou este non finalizar, e que non formalizasen aínda a póliza para esta campaña, sempre e cando se contratase o seguro para a mesma liña na campaña anterior e se garantise o ben sobre o que se produciu o dano. No caso das explotacións gandeiras, para estes efectos

exceptúanse as pólizas contratadas de seguros de retirada e destrución de animais mortos na explotación.

b) Os danos sobre as producións agrícolas e gandeiras que, tendo póliza en vigor para esas producións amparada polo sistema de seguros agrarios combinados, non estivesen garantidos polo devandito sistema. No caso das explotacións gandeiras, para estes efectos exceptúanse as pólizas contratadas de seguros de retirada e destrución de animais mortos na explotación.

c) Os danos orixinados nas producións agrícolas e gandeiras non incluídas no vixente Plan de seguros agrarios combinados.

2. As axudas polos danos causados sobre as producións agrícolas axustaranse ao disposto no Regulamento (UE) n.º 702/2014 da Comisión, do 25 de xuño de 2014, polo que se declaran determinadas categorías de axuda nos sectores agrícola e forestal e en zonas rurais compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea.

3. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, en coordinación coas comunidades autónomas, establecerá o procedemento para a determinación de todas as axudas previstas neste artigo e a súa contía máxima.

4. Tales axudas atenderanse con cargo ao crédito que para estes efectos se habilite, co carácter de incorporable, no orzamento do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

Artigo 4. *Axudas a explotacións agrícolas e gandeiras.*

1. Poderán ser beneficiarios destas axudas os titulares de explotacións agrícolas e gandeiras que, tendo pólizas amparadas polo Plan de seguros agrarios combinados e estando situadas no ámbito de aplicación sinalado no artigo 1, sufrisen danos en elementos afectos á explotación que non sexan asegurables, entendendo como tales os enumerados no artigo 4.1 da Orde INT/433/2017, do 25 de abril, pola que se desenvolve o artigo 2.3 do Real decreto lei 2/2017, do 27 de xaneiro, polo que se adoptan medidas urxentes para paliar os danos causados polos últimos temporais.

2. No caso de que os danos rexistrados nas explotacións agrícolas e gandeiras se producisen en parcelas con producións integramente en período de subscripción do seguro e aínda non se formalizase a póliza, poderán ampararse sempre e cando se contratase o seguro para esas producións na campaña anterior. No caso das explotacións gandeiras, para estes efectos exceptúanse as pólizas contratadas de seguros de retirada e destrución de animais mortos na explotación.

Nestes casos, poderase conceder unha subvención de ata o 70 % dos danos valorados por un perito colexiado, ata un importe máximo de 8.000 euros, sen que, en ningún caso, a suma desta subvención e calquera outra subvención ou ingreso público ou privado a que se teña dereito poida superar o valor do dano ou prexuízo producido. Cando se trate de camiños, o informe pericial deberá conter, en todo caso, un bosquejo dos camiños afectados de acordo coa información rexistrada no Sistema de información xeográfica de identificación de parcelas agrícolas (Sixpac). Poderán computarse como gasto subvencionable os honorarios derivados da elaboración do informe ata un máximo de 300 euros.

3. Os interesados deberán acreditar a titularidade sobre os elementos danados, así como achegar a correspondente póliza de seguro en vigor amparada polo Plan de seguros agrarios combinados da campaña anterior.

4. Así mesmo, para acreditar o exercicio da actividade empresarial ou profesional, os interesados autorizarán expresamente o órgano xestor para solicitar da Axencia Estatal de Administración Tributaria a información pertinente do Censo de Empresarios, Profesionais e Retedores.

5. Estas axudas serán tramitadas e resoltas polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación nos prazos e de acordo co procedemento que se detallará no correspondente real decreto.

6. Tales axudas atenderanse con cargo ao crédito que para estes efectos se habilite, co carácter de incorporable, no orzamento do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

Artigo 5. *Beneficios fiscais.*

1. Concédese a exención das cotas do imposto sobre bens inmobles correspondentes ao exercicio 2019 para os sinistros que tivesen lugar en 2019, e ao exercicio 2020, se é o caso, para os sinistros que acontezan en 2020 segundo o recollido no artigo 1, que afecten vivendas, establecementos industriais, turísticos, mercantís, marítimo-pesqueiros e profesionais, explotacións agrarias e forestais, locais de traballo e similares danados como consecuencia directa dos sinistros a que se refire o artigo 1, cando se acredite que tanto as persoas como os bens neles situados tiveron que ser obxecto de realoxamento total ou parcial noutras vivendas ou locais diferentes ata a reparación dos danos sufridos, ou danos nas explotacións agrícolas e gandeiras que constitúan sinistros cuxa cobertura non resulte posible mediante ningunha fórmula de aseguramento público ou privado.

2. Concédese unha redución no imposto sobre actividades económicas correspondente ao exercicio 2019 para os sinistros que tivesen lugar en 2019, e ao exercicio 2020, se é o caso, para os sinistros que acontezan en 2020 segundo o recollido no artigo 1, ás industrias de calquera natureza, establecementos mercantís, marítimo-pesqueiros, turísticos e profesionais cuxos locais de negocio ou bens afectos a esa actividade fosen danados como consecuencia directa dos sinistros a que se refire o artigo 1, sempre que tivesen sido obxecto de realoxamento ou se producisen danos que obriguen ao peche temporal da actividade. A indicada redución será proporcional ao tempo transcorrido desde o día en que se producise o cesamento da actividade ata o seu reinicio en condicións de normalidade, xa sexa nos mesmos locais, xa sexa noutros habilitados para o efecto, sen prexuízo de considerar, cando a gravidade dos danos producidos dea orixe a iso, o suposto de cesamento no exercicio daquela, que producirá efectos desde o día 31 de decembro de 2018, cando o sinistro tivese lugar en 2019, e desde o 31 de decembro de 2019, cando o sinistro aconteza en 2020, se é o caso.

3. As exencións e reducións de cotas nos tributos sinalados nos puntos anteriores comprenderán as das recargas legalmente autorizadas sobre estes.

4. Os contribuíntes que, tendo dereito aos beneficios establecidos nos puntos anteriores, satisfixesen os recibos correspondentes aos citados exercicios fiscais, poderán pedir a devolución das cantidades ingresadas.

5. Estarán exentas das taxas do organismo autónomo Xefatura Central de Tráfico establecidas pola Lei 16/1979, do 2 de outubro, a tramitación das baixas de vehículos solicitadas como consecuencia dos danos producidos polos sinistros e a expedición de duplicados de permisos de circulación ou de condución destruídos ou extraviados por esas causas.

6. A diminución de ingresos en tributos locais que os anteriores puntos deste artigo produzan nos concellos, consellos insulares, cabidos insulares, deputacións provinciais e comunidades autónomas será compensada con cargo aos orzamentos xerais do Estado, de conformidade co establecido no artigo 9 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

7. Estarán exentas do imposto sobre a renda das persoas físicas as axudas excepcionais por danos persoais a que se refire o artigo 2.

Artigo 6. *Medidas laborais e de seguridade social.*

1. As suspensións de contrato e reducións de xornada e os despedimentos colectivos que teñan a súa causa directa nos danos producidos polos sinistros descritos no artigo 1, así como nas perdas de actividade directamente derivadas destes, nos establecementos referidos no artigo 2.3, que queden debidamente acreditados, terán a consideración de provenientes dunha situación de forza maior, coas consecuencias que derivan dos artigos 47 e 51 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real

decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro. Nos supostos de suspensión do contrato ou redución da xornada, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social, nos termos da orde ministerial que dite para o efecto o Ministerio de Traballo, Migracións e Seguridade Social, poderá exonerar o empresario do aboamento das cotas da Seguridade Social e por conceptos de recadación conxunta mentres dure o período de suspensión ou redución, mantendo a condición de tal período como efectivamente cotizado polo traballador. Nos casos en que se produza a extinción do contrato, as indemnizacións dos traballadores correrán a cargo do Fondo de Garantía Salarial, cos límites legalmente establecidos.

Nos supostos en que a empresa decida a suspensión de contratos ou a redución temporal da xornada de traballo con base en circunstancias excepcionais, o Servizo Público de Emprego Estatal e, se é o caso, o Instituto Social da Mariña poderán autorizar que o tempo en que se perciban as prestacións por desemprego, reguladas no título III do texto refundido da Lei xeral de seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 8/2015, do 30 de outubro, que deriven de forma inmediata dos sucesos incluídos no ámbito de aplicación deste real decreto lei, non se compute para os efectos de consumir os períodos máximos de percepción establecidos. Igualmente, poderá autorizar que reciban prestacións por desemprego aqueles traballadores incluídos neses expedientes que carezan dos períodos de cotización necesarios para ter dereito a elas.

2. As empresas e os traballadores por conta propia incluídos en calquera réxime da Seguridade Social poderán solicitar e obter, logo de xustificación dos danos sufridos ou das perdas de actividade directamente derivadas dos sinistros descritos no artigo 1, unha moratoria de ata un ano, sen xuros, no pagamento das cotizacións á Seguridade Social e por conceptos de recadación conxunta correspondentes a tres meses naturais consecutivos, contados desde o anterior á produción do sinistro ou, no caso de traballadores incluídos no réxime especial dos traballadores por conta propia ou autónomos, desde o mes en que aquel se produciu.

As mutuas colaboradoras coa Seguridade Social, o Servizo Público de Emprego Estatal e, se for o caso, o Instituto Social da Mariña, poderán autorizar que o tempo en que se perciban prestacións por cesamento de actividade, reguladas no título V do texto refundido da Lei xeral de seguridade social, que deriven de forma inmediata dos sucesos incluídos no ámbito de aplicación deste real decreto lei, non se compute para os efectos de consumir os períodos máximos de percepción establecidos.

Considerarase como cumprimento para os efectos de poder acceder á prestación por cesamento de actividade o requisito de período mínimo de cotización de doce meses continuados e inmediatamente anteriores á situación legal de cesamento de actividade, previsto no artigo 338 do texto refundido da Lei xeral de seguridade social, para os traballadores por conta propia afectados polos sinistros descritos no artigo 1 do presente real decreto lei.

Así mesmo, aqueles traballadores por conta propia incluídos en calquera réxime da Seguridade Social que se encontrasen gozando dalgunha bonificación ou redución nas cotas á Seguridade Social previstas na Lei 20/2007, do 11 de xullo, do Estatuto do traballo autónomo, e que, como consecuencia directa e inmediata dos sucesos incluídos no ámbito de aplicación deste real decreto lei, solicitasen a baixa no réxime correspondente, ao solicitaren novamente a alta non perderán o dereito ao acceso ás bonificacións ou reducións na cota polo tempo que tivese quedado pendente de desfrute.

3. Para levar a cabo as obras de reparación dos danos causados, as administracións públicas e as entidades sen ánimo de lucro poderán solicitar do servizo público de emprego competente a adscrición de traballadores perceptores das prestacións por desemprego para traballos de colaboración social, de acordo co disposto no artigo 272.2 do texto refundido da Lei xeral de seguridade social e no Real decreto 1445/1982, do 25 de xuño, polo que se regulan diversas medidas de fomento do emprego.

Artigo 7. Reducións fiscais especiais para as actividades agrarias.

Para as explotacións e actividades agrarias en que se producen danos como consecuencia directa dos sinistros a que se refire o artigo 1, e conforme as previsións contidas no artigo 37.4.1.º do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 439/2007, do 30 de marzo, e do artigo 38.3 do Regulamento do imposto sobre o valor engadido, aprobado polo Real decreto 1624/1992, do 29 de decembro, o Ministerio de Facenda, á vista dos informes do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, poderá autorizar, con carácter excepcional, a redución dos índices de rendemento neto a que se refire a Orde HAC/1264/2018, do 27 de novembro, pola que se desenvolven para o ano 2019 o método de estimación obxectiva do imposto sobre a renda das persoas físicas e o réxime especial simplificado do imposto sobre o valor engadido.

Artigo 8. Réxime de axudas a entidades locais en situación de emerxencia.

1. Ás axudas a corporacións locais polos gastos causados para facer fronte a estas situacións de emerxencia non lles será de aplicación a contía prevista nos artigos 22 e 23 do Real decreto 307/2005, do 18 de marzo, de xeito que o importe das axudas poida estenderse ata o 100 por cento dos referidos gastos de emerxencia.

Estas axudas non terán por obxecto as reparacións ou reposicións en infraestruturas consideradas no artigo 9. Non obstante, poderán subvencionarse aquelas actuacións inaprazables que, incidindo no mesmo ámbito de aplicación a que se refire o devandito artigo, se levasen a cabo co fin de garantir a vida e seguridade das persoas e o funcionamento dos servizos públicos esenciais. Entre estas actuacións inclúense a evacuación, o aloxamento e a alimentación de persoas afectadas, a retirada de lodos e areas e a limpeza de vías e ámbitos públicos que sexan indispensables para os fins descritos.

Para estes efectos exclúense dese concepto os traballos levados a cabo con medios propios da corporación local, xa sexan materiais, tales como maquinaria ou ferramentas, ou humanos, entendendo por estes o persoal contratado con anterioridade aos feitos causantes. En ningún caso serán subvencionables os gastos de persoal xerados por bombeiros, policía local, protección civil e outros de carácter análogo.

2. As solicitudes para a concesión destas axudas tramitaranas as delegacións ou as subdelegacións do Goberno nas comunidades autónomas e provincias afectadas, presentaranse no prazo de dous meses, contados a partir da entrada en vigor deste real decreto lei, e serán resoltas polo ministro do Interior.

3. As axudas que se concedan en aplicación do previsto neste artigo financiaranse con cargo aos créditos dos conceptos 461 e 761 da aplicación orzamentaria 16.01.134M «Para atencións de toda clase motivadas por sinistros, catástrofes ou outros de recoñecida urxencia», dotados con carácter de ampliables no vixente orzamento do Ministerio do Interior.

Artigo 9. Réxime de axudas a entidades locais para a recuperación da zona sinistrada.

1. Aos proxectos directamente relacionados cos sinistros a que se refire o artigo 1 que executen os concellos, as deputacións provinciais, os consellos e cabidos insulares, as comarcas, as mancomunidades e as comunidades autónomas uniprovinciais, relativos ás obras de reparación ou restitución de infraestruturas, equipamentos ou instalacións e servizos de titularidade municipal incluídos no artigo 25.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e da rede viaria dos consellos e cabidos insulares, das deputacións provinciais e comunidades autónomas uniprovinciais, poderáselles conceder unha subvención de ata o 50 por cento do seu custo, excluídos os traballos levados a cabo con medios propios non personificados da entidade local, xa sexa materiais, maquinaria ou persoal.

2. Tales subvencións atenderanse con cargo ao crédito que para estes efectos se habilite, co carácter de incorporable, no orzamento do Ministerio de Política Territorial e Función Pública.

3. Facúltase o ministro de Política Territorial e Función Pública para establecer o procedemento para a concesión das mencionadas subvencións, así como o seu seguimento e control.

Artigo 10. *Investimentos realizados para reparar os danos incluídos no ámbito de aplicación deste real decreto lei.*

1. Os investimentos realizados para reparar os danos a que se refire este real decreto lei polas entidades locais que cumpran cos requisitos establecidos na disposición adicional sexta da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, terán a consideración de investimentos financeiramente sustentables.

2. Excepcionalmente, estes investimentos executaranse con carácter prioritario fronte a outros investimentos financeiramente sustentables.

Artigo 11. *Actuacións de restauración forestal e ambiental.*

Facúltase o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación para declarar zonas de actuación especial as zonas afectadas, nas materias da súa competencia, e para declarar a emerxencia das obras que, en consecuencia, deban ser executadas por ese departamento, nas seguintes materias:

a) Restauración hidrolóxico-forestal, control da erosión e desertización, así como traballos complementarios nos espazos forestais incendiados para mitigar os posibles efectos de posteriores chuvias.

b) Colaboración co Ministerio para a Transición Ecolóxica para a recuperación e rexeneración ambiental dos efectos producidos polos incendios forestais nos espazos da Rede Natura 2000, en particular nos tipos de hábitats de interese comunitario e nos hábitats onde existan especies de interese comunitario, especies declaradas en situación crítica ou especies incluídas no Catálogo español de especies ameazadas.

c) Apoio directo á retirada e ao tratamento da biomasa forestal queimada, se é o caso.

d) Colaboración no tratamento para control de pragas nas masas forestais.

e) Restauración de infraestruturas rurais de uso xeral e de camiños naturais.

Artigo 12. *Actuacións no dominio público hidráulico.*

Facúltase a ministra para a Transición Ecolóxica para declarar zonas de actuación especial para a restauración do dominio público hidráulico as zonas afectadas na bacía hidrográfica correspondente, e a emerxencia das obras que debe executar o devandito departamento, nas seguintes materias:

a) Eliminación dos tapóns formados por restos vexetais procedentes dos incendios.

b) Retirada das acumulacións, sedimentos e residuos que chegasen ou poidan chegar ata as canles provocando unha diminución da capacidade de desaugamento destas.

c) Reparación das marxes que sufrisen procesos erosivos, así como execución de defensas naqueles puntos máis sensibles a sufrir erosións.

Artigo 13. *Actuacións no dominio público marítimo-terrestre.*

Facúltase a ministra para a Transición Ecolóxica para declarar zonas de actuación especial para a restauración do dominio público marítimo-terrestre as zonas afectadas no

litoral correspondente, e a emerxencia das obras que debe executar o devandito departamento, nas seguintes materias:

a) Restauración e demais obras que aseguren a integridade e conservación adecuada do dominio público marítimo-terrestre, así como os traballos complementarios para asegurar a sustentabilidade da costa e mitigar os efectos de futuros temporais e galernas.

b) Protección e conservación dos elementos que integran o dominio público marítimo-terrestre, en particular, adecuación sustentable de praias e areas, sistemas de dunas e zonas húmidas litorais, a súa recuperación e rexeneración, con especial atención ás zonas incluídas na Rede Natura 2000, así como realización, supervisión e control de estudos, proxectos e obras na costa.

c) Reparación e restauración de estruturas danadas no litoral, como paseos marítimos, accesos ao dominio público, muros, etc.

Artigo 14. *Danos nas demais infraestruturas públicas.*

Facúltanse os titulares dos departamentos ministeriais competentes por razón da materia para declararen as áreas afectadas como zona de actuación especial, para que eses departamentos, os seus organismos autónomos e entidades públicas vinculadas ou dependentes deles poidan levar a cabo as actuacións de restauración que procedan. Para os efectos indicados, poderanse declarar de emerxencia as obras que executen tales departamentos para reparar os danos causados en infraestruturas de titularidade estatal comprendidas no seu ámbito de competencias, de conformidade co disposto no artigo 120 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

Artigo 15. *Actuacións en relación co financiamento de avais.*

1. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación poderá pór á disposición dos damnificados liñas de financiamento nas cales subvencionará o custo dos avais da Sociedad Anónima Estatal de Caución Agraria (SAECA) que son necesarios para a obtención de préstamos co obxecto de fortalecer a viabilidade e o normal funcionamento das explotacións do sector agrario en situacións excepcionais, xa se trate de condicións meteorolóxicas extremas, crises sanitarias ou alimentarias ou distorsións graves no aprovisionamento de materias primas ocasionadas por flutuacións no mercado mundial.

2. Tales axudas atenderanse con cargo ao crédito que para estes efectos se habilite, co carácter de incorporable, no orzamento do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

Artigo 16. *Réxime de contratación.*

1. Poderán ter a consideración de obras, servizos ou subministracións de emerxencia, logo do correspondente acordo do órgano de contratación, e cumprindo os requisitos do artigo 120 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, os contratos de reparación ou mantemento de infraestruturas, equipamentos ou servizos, de obras de reposición de bens prexudicados polos danos causados polos incendios, temporais e outras catástrofes naturais e de valoracións de danos, calquera que sexa a súa contía. Así mesmo, deberá terse en conta o previsto na disposición adicional centésimo trixésimo sexta da Lei 6/2018, do 3 de xullo, de orzamentos xerais do Estado, sobre comunicación do inicio de actuacións mediante o réxime de tramitación de emerxencia.

2. Declárase urxente a ocupación dos bens afectados polas expropiacións derivadas da realización das obras a que se refire este artigo, para os efectos establecidos no artigo 52 da Lei de expropiación forzosa, do 16 de decembro de 1954.

3. Para a tramitación de expedientes de contratación de obras non incluídas no artigo 236.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, dispensarase do requisito previo de

dispoñibilidade dos terreos, sen prexuízo de que a súa ocupación efectiva deberá ir precedida da formalización da acta de ocupación.

Artigo 17. *Consortio de Compensación de Seguros.*

1. Os delegados do Goberno nas comunidades autónomas uniprovinciais afectadas e os subdelegados do Goberno nos demais casos, logo do informe da Dirección Xeral de Protección Civil e Emerxencias, poderán solicitar do Consortio de Compensación de Seguros, para unha máis correcta avaliación dos danos non persoais, as correspondentes valoracións necesarias conforme o artigo 2, sempre que non afecten bens de titularidade pública.

2. O Consortio de Compensación de Seguros terá dereito ao aboamento por parte da Administración xeral do Estado dos traballos de peritaxe conforme o baremo de honorarios profesionais que o Consortio tivese aprobado para os seus peritos taxadores de seguros.

3. Para facilitar a tramitación das axudas e a valoración dos danos, a Administración competente e o Consortio de Compensación de Seguros poderán transmitirse os datos sobre beneficiarios das axudas que se concedan e indemnizacións que se recoñezan, as súas contías respectivas e os bens afectados. As entidades aseguradoras que operen no territorio español estarán obrigadas a subministrar ao Consortio de Compensación de Seguros a información que este lles solicite para dar cumprimento ao disposto anteriormente.

O intercambio de datos sobre beneficiarios das axudas que se concedan, as súas contías respectivas e os bens afectados entre a Administración competente e o Consortio de Compensación de Seguros, necesario para facilitar a tramitación das axudas e a valoración dos danos, realizarase a través da Dirección Xeral de Protección Civil e Emerxencias e o Consortio de Compensación de Seguros, mediante o procedemento que entre ambos os dous establezan.

Disposición adicional primeira. *Créditos orzamentarios.*

As medidas referentes a danos en infraestruturas municipais e na rede viaria das deputacións provinciais, consellos, cabidos insulares e comunidades autónomas uniprovinciais; actuacións no dominio público hidráulico e no marítimo-terrestre, actuacións de restauración forestal e ambiental, actuacións na Rede Nacional de Camiños Naturais e nas demais infraestruturas públicas financiaranse de conformidade co previsto na Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, e serán atendidas con cargo ás dispoñibilidades orzamentarias existentes nos departamentos ministeriais e entidades deles dependentes.

Naqueles casos en que se acrediten insuficiencias orzamentarias nos departamentos ministeriais, as actuacións poderanse financiar con cargo ao Fondo de Continxencia de execución orzamentaria, polo importe que se estableza no informe preceptivo da Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos que solicitará o departamento ministerial. En todo caso, nos termos previstos no artigo 50 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, a aplicación do Fondo de Continxencia aprobarase mediante acordo do Consello de Ministros.

Disposición adicional segunda. *Comisión interministerial de seguimento das medidas de apoio a damnificados.*

1. Créase unha comisión interministerial, adscrita ao Ministerio do Interior, para a aplicación das medidas de apoio previstas neste real decreto lei, coordinada pola Dirección Xeral de Protección Civil e Emerxencias e integrada polos representantes dos ministerios de Facenda, do Interior, de Fomento, de Traballo, Migracións e Seguridade Social; de Industria, Comercio e Turismo; de Agricultura, Pesca e Alimentación; de Política Territorial e Función Pública; para a Transición Ecolóxica, e de Economía e Empresa, así como das

delegacións do Goberno nas comunidades autónomas afectadas e por un representante do Consorcio de Compensación de Seguros.

2. O seguimento das medidas de apoio previstas neste real decreto lei levarao a cabo a comisión a que se refire o punto anterior, en coordinación coas autoridades das comunidades autónomas afectadas, a través das delegacións do Goberno, e quedan á dispoñibilidade desta comisión os recursos do Instituto Xeográfico Nacional aplicables á avaliación dos danos e á planificación da súa reparación, mediante o uso da información xeoespacial dispoñible, especialmente as coberturas de imaxes aéreas e de satélites obtidas ou que se obteñan a través do Plan nacional de observación do territorio.

3. Antes do 1 de outubro de 2020, a comisión interministerial elaborará un informe sobre as actuacións levadas a cabo en execución deste real decreto lei.

4. A extinción da comisión interministerial producirase cando os seus fins sexan totalmente cumpridos.

Disposición adicional terceira. *Avaliación de impacto ambiental.*

Mediante acordo do Consello de Ministros determinarase a exención de avaliación de impacto ambiental daquelas obras de reparación ou rehabilitación de infraestruturas, equipamentos ou instalacións a que se refire este real decreto lei, así como as actuacións no dominio público dispostas nos seus artigos 10 e 11, que, debendo someterse á avaliación de impacto ambiental, conforme o artigo 7 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, quedarán exentas da substanciación dese trámite, cumprindo o disposto no artigo 8, números 2, 3, 4 e 5, da mencionada lei.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto lei dítase ao abeiro do disposto nas regras 7.^a, 13.^a, 14.^a, 17.^a, 23.^a e 29.^a do artigo 149.1 da Constitución, sen prexuízo das medidas adicionais que poidan adoptar as comunidades autónomas.

Disposición derradeira segunda. *Facultades de desenvolvemento.*

O Goberno e os titulares dos distintos departamentos ministeriais, no ámbito das súas respectivas competencias, ditarán as disposicións necesarias para o desenvolvemento e a execución do disposto neste real decreto lei.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto lei entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 20 de setembro de 2019.

FELIPE R.

O presidente do Goberno,
PEDRO SÁNCHEZ PÉREZ-CASTEJÓN